



## ROGO SOBRE A REPOSICIÓN DE PAVIMENTOS NAS BEIRRÚAS DAS RÚAS ALFREDO BRAÑAS E XENERAL PARDIÑAS

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Aínda que nos últimos meses se realizaron algunhas melloras na situación das beirarrúas das rúas Alfredo Brañas e Xeneral Pardiñas, o seu estado actual fai necesaria unha nova intervención para arranxar os derramos producidos nos pavimentos, con varias lousas soltas, outras partidas e mesmo algunha desaparecida, tal como se pode apreciar no anexo fotográfico que se acompaña.

Esta circunstancia non é só unha cuestión estética, senón que en moitos casos ten que ver coa seguridade das numerosas persoas que a diario transitan por estas dúas importantes arterias comerciais da nosa cidade. Existen algunha baldosas rotas na zona de confluencia da rúa Xeneral Pardiñas con Montero Ríos e, sobre todo, a maior deterioración apréciase nos extremos da rúa Alfredo Brañas, tanto nas proximidades da rúa Montero Ríos como no entronque coa rúa República Arxentina.

Conforme ao anterior, o Grupo Municipal Popular formula o seguinte ROGO:

***Que por parte do correspondente órgano do Goberno municipal se dean as instrucións necesarias para a reparación dos pavimentos deteriorados nas rúas Alfredo Brañas e Xeneral Pardiñas.***

Santiago de Compostela, a 11 de maio de 2018

Claudio Montiel Carracedo  
Concelleiro do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

## ANEXO FOTOGRÁFICO

